

NOTA DE PRENSA ACTIVIDADES DE EMGROBES NA FESTA DO MARISCO 2022

EMGROBES RECUPERA A FEIRA DE OPORTUNIDADES DA FESTA DO MARISCO E ORGANIZA A XIV EDICIÓN DA COCIÑA DO MAR

A Asociación de Comerciantes e empresarios Emgrobes, está inmersa na organización das actividades promocionais que leva a cabo durante a Festa do Marisco. Este ano despois de dous anos de pandemia recupera a organización do Grovestock e volve a levar a cabo na carpa institucional e de cocina en vivo da Festa, as xa tradicionais xornadas gastronómicas da cocina do Mar, todo elo coa cofinanciación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello do Grove.

Emgrobes vai levar a cabo o Grovestock durante a Festa do Marisco, un ano máis que axudar ós comercios locais que teñan excedentes de produtos e queiran desfacerse deles a través da feira de oportunidades. Así durante a fin de semana máis importante celebrárase a o Grovestock, incluíndo os **día 9,10 e 11 de outubro**. Os máis de 15 stands estarán situados no aparcamento do porto de O Grove, na praza do Corgo e abrirán de maneira ininterrompida de 11-22 hs aproximadamente para ofrecer ós visitantes e ós veciños ofertas increíbles tanto en calzado e textil para nenos e adultos, como outros produtos como artesanía galega, produtos de óptica, complementos etc.

Simultaneamente a asociación leva xa uns meses preparando a xa habitual Cociña do Mar, xornadas gastronómicas que dende o ano 2009 veñen organizando ininterrompidamente Emgrobes en colaboración coa Xunta de Galicia, e que ten como obxectivo principal promocionar os produtos do mar, sobre todo aqueles que son menos usuais nos nosos fogóns ou menos coñecidos en xeral. Este ano a Cociña do Mar volve á Festa do Marisco, xa que estes dous anos anteriores levouse a cabo no mirador da Lonxa da Cofradía de Pescadores San Martiño debido a que non se celebraba a Festa do Marisco pola pandemia. Así o **día 10 de outubro** a partir das **17.30** na Carpa institucional e de cocina en vivo da Festa do Marisco teremos unha cita con grandes cociñeiros e expertos en cocina que realizarán un show cooking con degustación de produtos do mar como son **A BOGA, O CONGRIO E AS NAVALLAS**. Este ano os cociñeiros protagonistas serán **Miguel Barreiro do restaurante La Posada, Marcos Otero de Afuego e Alejandro Laíño da Muiñada de Barosa**. Os tres realizarán unha demostración de tres recetas cada un elaboradas con estes produtos para destacar non soamente a súa calidade e sabor senón tamén o seu carácter saudable. Terán a incondicional axuda do xa coñecido Dr Ignacio Balboa, experto en saúde que, como xa leva facendo varios anos, conducirá e presentará as xornadas un ano máis. Os asistentes á cocina do Mar poderán degustar os pratos que preparen os cociñeiros e que estarán mariñados unha vez máis por viño da D.O. Rías Baixas, tanto do propio Consello regulador como das bodegas Paco e Lola e Santiago Roma. Así que EMGROBES convida a todos e todas a acudir tanto da feira de oportunidade como das xornadas da Cociña do Mar e disfrutar da Festa do Marisco porque.... Galicia sabe amar, O Grove sabe amar!

